

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### BANCO DE ESPAÑA

**2041** *Corrección de erros e erratas da Circular 4/2017, do 27 de novembro, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros.*

Advertidos erros e erratas na Circular 4/2017, do 27 de novembro, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 296, do 6 de decembro de 2017, procede efectuar as seguintes rectificacións:

1. Na páxina 224, no número 9 da norma 64, onde di: «norma 54», debe dicir: «norma 53».

2. Na páxina 229, no terceiro parágrafo do número 3 da norma 65, onde di: «punto 17», debe dicir: «punto 16».

3. Na páxina 243, no numeral ii) da letra b) do número 2 da norma 69, onde di: «punto 7», debe dicir: «punto 6».

4. Na páxina 366, no estado FI 101, nas notas (t) e (u), onde di: «en situación normal ou dúbidas», debe dicir: «dúbidas ou non».

5. Na páxina 368, no estado FI 102-2 elimínanse «Valorados polo seu custo» e «Valorados polo seu valor razoable» a continuación da liña «Non cotizados» do bloque correspondente a «Activos financeiros a valor razoable con cambios noutro resultado global».

6. Non procede a corrección en lingua galega.

7. Na páxina 406, no estado FI 131-1.1, elimínanse os sombreados que figuran nas celas correspondentes a «Préstamos e anticipos» e engádesse a nota (b) nas columnas correspondentes ao «Importe en libros bruto. Risco de insolvencia», co seguinte texto:

«(b) Recolle o importe en libros bruto dos instrumentos de débeda distintos dos activos financeiros mantidos para negociar que non estean suxeitos a cobertura por risco país. Os suxeitos a cobertura por risco país incluíranse integramente na columna seguinte, con independencia de que as súas coberturas se detallen separando a parte correspondente a risco de insolvencia e a parte correspondente a risco país.»

8. Na páxina 408, no estado FI 131-2.1:

i) Engádesse a nota (b) na columna correspondente ao «Importe en libros bruto. Risco de insolvencia» co mesmo texto do número 7 anterior. As notas (b) e (c) pasan a ser (c) e (d), respectivamente.

ii) Elimínanse os sombreados que figuran nas celas correspondentes a préstamos e anticipos, salvo os correspondentes á columna de falidos.

9. Na páxina 409, no estado FI 131-2.2 engádesse a nota (b) na columna de «Exposicións. Risco de insolvencia», co seguinte texto:

«(b) Recolle as exposicións fóra de balance que non estean suxeitas a cobertura por risco país. As suxeitas a cobertura por risco país incluíranse integramente na columna seguinte, con independencia de que as súas provisións se detallen separando a parte correspondente a risco de insolvencia e a parte correspondente a risco país.»

10. Na páxina 426, no estado FI 132:

i) Na nota (b), onde di: «67.<sup>a</sup>», debe dicir: «67».

ii) Na nota (c), onde di: «VII», debe dicir: «7».

- iii) Na nota (d), onde di: «64.<sup>a</sup>», debe dicir: «64».
  - iv) Na nota (e), onde di: «67.<sup>a</sup>», debe dicir: «67».
11. Na páxina 445, no estado FI 140-3:
- i) Na nota (c) elimínase a expresión «, anticipos distintos de préstamos e compromisos concedidos».
  - ii) Sombréanse todas as columnas salvo a de «Total» para as filas desde «Exposición total segundo a contraparte final» ata «Resto de exposicións exentas de cobertura por risco país».
  - iii) Onde di: «Coberturas con estimación colectiva por solucións alternativas», debe dicir: «Exposicións/Coberturas con estimación colectiva por solucións alternativas».
12. Na páxina 458, no estado FI 150-7, onde di: «Normais», debe dicir: «Non dubidosos».
13. Na páxina 482, no estado FC 140-3 realízase o cambio que figura no numeral i) do número 11 anterior.
14. Na páxina 515, as liñas correspondentes a «Administracións autonómicas ou rexionais» e «Administracións locais» deberán figurar ao mesmo nivel que as correspondentes a «Administracións da Seguridade Social» e «Organismos internacionais e supranacionais (excepto bancos multilaterais de desenvolvemento). Administracións públicas».